

Manuel Bautís Cheda, Secretario do Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia- Conselleria do Mar-Xunta de Galicia,

## CERTIFICA:

Que o día 21 de abril de 2016 reuniuse en sesión celebrada en segunda convocatoria o Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia, e adoptou entre outros, o seguinte acordo:

### **PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DA INSTRUCCIÓN NÚMERO 1 SOBRE AMPLIACIÓN DE PRAZOS DE CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS.**

ASUNTO: PROPOSTA DE INCLUSIÓN DE NOVO CRITERIO NA INSTRUCCIÓN NÚMERO 1 SOBRE AMPLIACIÓN DE PRAZOS DE CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS.

Na súa sesión do 15 de decembro de 2015, o Consello de Administración de Portos de Galicia aprobou a instrucción número 1 para outorgar a ampliación ou prórroga das concesiós outorgadas con anterioridade á lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei de Costas.

Lembrar brevemente que a instrucción consta de catro criterios, que no substancial, parten de esixir como requisito inescusable para outorgar ampliacións ou prórrogas de concesión, o compromiso polos titulares da realización de inversión definidas como relevantes, o que en todo caso implica un investimento mínimo do cinco por cento do valor actual das instalacións obxecto da concesión.

Se ben este criterio, que segue no esencial o mesmo sistema previsto na lexislación estatal portuaria modulado para a súa adaptación ao noso sistema portuario, será o aplicable na meirande parte dos casos, a extensa casuística que resulta da preceptiva aplicación da Disposición Transitoria Quinta da lei 2/2013, e por remisión desta, do establecido na lexislación portuaria estatal, e en particular na Disposición Transitoria Segunda do Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, que aproba o texto refundido da lei de Portos do Estado e da Mariña mercante, determina na nosa opinión, e así se puido comprobar de maneira puntual recentemente, que a esixencia sempre e e todo caso dunha inversión relevante como requisito para ampliar o prazo das concesiós, pode resultar nalgúns supostos desproporcionado, se nos atemos ás limitacións máximas de vixencia que a lei estatal, con carácter neste caso básico, impón para un grupo determinado de concesiós.

1

Estas concesiós son en concreto as outorgadas antes de entrar en vigor a lei 27/1992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e da mariña Mercante, cun prazo de vixencia determinado que sexa inferior a 35 anos.

Para este grupo de concesiós, a Lei permite a prórroga do seu prazo, se ben, o prazo resultante da ampliación acumulado ao inicialmente outorgado, nunca poderá exceder de 35 anos.

Considerando a data actual, e a data da entrada en vigor da Lei 27/1992, o 15 de decembro de 1992, estariamos a falar de concesiós administrativas cun horizonte temporal moi limitado que fai aconsellable excluír a aplicación inescusable do establecido nos criterios 2 e 3 da instrucción relativas a inversións relevantes e determinación das obras computables como inversión relevante, o que loxicamente non se pode asociar co feito de que esteamos a falar de prórrogas de concesión automática, que non requiran dunha solicitude e dunha resolución perfectamente motivadas.

Propónese polo exposto a inclusión na instrucción número 1 sobre ampliación de prazos de concesiós, dun novo criterio 5, que quedaría redactado co seguinte teor literal:

"Criterio 5º. Concesiós outorgadas antes da entrada en vigor da Lei 27/1992, de Portos do Estado e da Mariña Mercante, cun prazo de vixencia determinado que sexa inferior a 35 anos.

*Para acordar a prórroga deste grupo de concesiós, non será aplicable o establecido nos anteriores criterios 2 e 3, polo que tampouco será preceptivo presentar coa solicitude de prórroga, sen prexuízo da súa inclusión, a proposta e a declaración sobre os compromisos de investimento aos que se refire o criterio número 4, no apartado 1, sub apartados d) e f)."*




**ACORDO ADOPTADO:** Por unanimidade dos membros asistentes presentes, e xunto coas delegacións de voto efectuadas, acordase a aprobación, polo Consello de administración da proposta de inclusión na instrución número 1 sobre ampliación de prazos de concesións, dun novo criterio 5, que quedaría redactado co seguinte teor literal:

"Criterio 5º. Concesións outorgadas antes da entrada en vigor da Lei 27/1992, de Portos do Estado e da Mariña Mercante, cun prazo de vixencia determinado que sexa inferior a 35 anos.

Para acordar a prórroga deste grupo de concesións, non será aplicable o establecido nos anteriores criterios 2 e 3, polo que tampouco será preceptivo presentar coa solicitude de prórroga, sen prexuízo da súa inclusión, a proposta e a declaración sobre os compromisos de investimento aos que se refire o criterio número 4, no apartado 1, sub apartados d) e f)."

O que se fai constar co visto e prace do Presidente do Consello, en Santiago de Compostela a 21 de abril de 2016, de acordo cos artigos 18.3 e 20.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como co artigo 25.3.e) da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, facéndose referencia á circunstancia de que a acta da sesión de referencia esta pendente de aprobación.

Vº E PRACE  
O PRESIDENTE,   
José Juan Durán Hermida

O SECRETARIO

  
O SECRETARIO  
XUNTA DE GALICIA  
PORTOS  
CONSELLERÍA DO MAR